

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

RESOLUCIÓN do 28 de xaneiro de 2015 pola que se convocan as actividades de formación continua para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Aprobado o programa de actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para o ano 2015 polo Consello Reitor, de conformidade co artigo 6.2 da Lei 4/1987, do 27 de maio, modificada pola Lei 10/1989, do 10 xullo, convócanse as actividades de formación continua correspondentes ao primeiro semestre do ano 2015 para o persoal ao servizo da Administración autonómica de Galicia, que se detallan nos anexos desta resolución.

Os cursos de idiomas e do Plan formativo ofimático de Galicia que aparecen reflectidos no Plan de formación continua serán obxecto de convocatoria independente.

RESOLVO:

Publicar a convocatoria das actividades formativas que figuran no anexo II, que deberán desenvolverse segundo as bases detalladas no anexo I.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2015

Sonia Rodríguez Campos González
Directora da Escola Galega de Administración Pública

ANEXO I

Bases

Primeira. *Requisitos dos participantes*

Poderán participar nas accións formativas convocadas nesta resolución:

1. Os empregados públicos e as empregadas públicas destinados na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que se encontran en situación de servizo activo, permiso por maternidade, adopción ou acollemento ou excedencia polo coidado dun fillo ou dun familiar e que reúnan os requisitos establecidos na presente convocatoria e para cada un dos casos no anexo II. Está exceptuado o persoal docente da Consellería de Educación e



Ordenación Universitaria e o persoal sanitario, non entendendo por tales os empregados públicos da Escala de Saúde Pública e Administración Sanitaria creada pola Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas de persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O persoal dependente do Parlamento de Galicia, do Valedor do Pobo, do Consello de Contas, do Consello Consultivo e doutras entidades e organismos públicos poderán acceder ás accións formativas a través dos oportunos convenios que se subscriban para este efecto, de conformidade coa Resolución da Escola Galega de Administración Pública do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10).

3. Sen prexuízo do anterior, poderán ofertarse actividades formativas a empregados públicos pertencentes a outras entidades, organismos e institucións públicas, cando así se estableza na epígrafe «destinatario» da actividade formativa.

4. Así mesmo, os empregados públicos sinalados no parágrafo anterior poderán acceder a todas as actividades formativas desta convocatoria en que queden prazas vacantes.

Toda persoa solicitante que ao inicio da actividade formativa estea en situación de baixa laboral por incapacidade temporal quedará automaticamente excluída da listaxe do persoal seleccionado. Esta incidencia deberá ser comunicada á EGAP con carácter inmediato.

Segunda. *Desenvolvemento das actividades de formación*

Os cursos realizaranse cos requirimentos, a duración e as condicións que para cada un deles se indiquen na convocatoria. A información relativa ao desenvolvemento das actividades, así como as súas posibles modificacións, será actualizada e ampliada na páxina web <http://egap.xunta.es>.

Terceira. *Solicitudes*

1. O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

2. As solicitudes de participación nas actividades formativas só poderán realizarse mediante o formulario de matrícula telemática dispoñible no enderezo <http://egap.xunta.es/matricula> desde as 8.00 horas da data de inicio do prazo de presentación de solicitudes e ata as 14.00 horas da data de finalización. As solicitudes entenderanse presentadas unha vez que se complete correctamente o proceso de matriculación.



3. O número máximo de cursos que se pode solicitar límtase a seis.

4. Non está permitida a realización de actividades de formación que teñan simultaneidade de horarios nunha ou varias sesións presenciais das actividades. Cando o alumnado teña coñecemento de que foi seleccionado, para un curso que teña coincidencia horaria con outro en que xa foi seleccionado debe renunciar a un deles. No caso de que se comprobe con posterioridade a realización simultánea de varias actividades, non se expedirá certificación de ningunha delas e o alumnado pasará ao final das listaxes de todas as actividades formativas que solicite e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado desde que se detecte o feito.

5. Serán excluídas automaticamente aquelas solicitudes que non se axusten ao formulario de solicitude, non teñan cubertos correctamente os datos precisos para a realización do proceso de selección ou sexan presentadas fóra de prazo.

6. As persoas que oculten ou falseen datos esenciais para a selección serán automaticamente excluídas das actividades solicitadas e pasarán ao final das listaxes de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado desde que se detecte o feito.

7. As persoas interesadas en recibiren mensaxes sobre o proceso de selección deberán facilitar un enderezo de correo electrónico e/ou un número de teléfono móbil.

8. As persoas solicitantes de actividades impartidas na modalidade de teleformación deberán dispor dunha conta de correo electrónico cuxo enderezo terán que indicar na solicitude e dun equipo informático que cumpra os seguintes requisitos técnicos:

- Un computador con conexión á internet.
- Un navegador web co plugin de flash.

9. As persoas que necesiten acreditar circunstancias específicas (discapacidade, permiso de maternidade, etc.) de acordo cos criterios de selección deberán remitir á EGAP a correspondente documentación complementaria, xunto cunha copia do formulario da matrícula, ao número de fax 981 54 63 39 ou ao enderezo de correo electrónico xestion.egap@xunta.es, sen prexuízo do previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27). A devandita documentación deberá enviarse por unha única das vías indicadas; no caso contrario



só serán considerados os datos achegados por correo electrónico. A documentación deberá presentarse dentro do prazo sinalado no punto 1 desta base.

10. A EGAP adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación das solicitudes. As dúbidas, as dificultades técnicas e as peticións de información complementaria serán atendidas a través dos números de teléfono 981 54 62 57 e 981 54 62 53, do número de fax 981 54 63 39 e do enderezo de correo electrónico xestion.egap@xunta.es.

Cuarta. *Presentación de documentación*

Dentro do prazo de presentación de solicitudes establecido no punto 1 da base terceira, os empregados públicos pertencentes a outras entidades, organismos e institucións públicas, cuxos datos non figuren na base de datos da Dirección Xeral da Función Pública, deberán presentar na EGAP, xunto cunha copia do formulario de solicitude, ao número de fax 981 54 63 39 ou ao enderezo de correo electrónico xestion.egap@xunta.es, sen prexuízo do previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27), a seguinte documentación:

– Certificado expedido polo órgano responsable de persoal de que dependa a persoa solicitante que indique a súa situación administrativa, o tipo de persoal e a antigüidade na Administración. A falta de presentación destes documentos acreditativos dará lugar á exclusión da persoa solicitante.

Quinta. *Criterios de selección*

1. Os criterios selectivos que serán empregados son os sinalados con carácter xeral na Resolución da Escola Galega de Administración Pública do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10).

Para os efectos do previsto no punto segundo da citada resolución, o baremo que se empregará para a selección establécese sobre unha base de 100 puntos, dos cales o 60 % estará vinculado ao número de horas de formación recibidas nos dous últimos anos e o 40 % restante á antigüidade na Administración.

Os empates desfaranse de acordo co resultado do sorteo o que se refire o artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo (DOG do 25).

CVE-DOG: dbikeme4-5nb0-bus4-exp2-yuoaxxnjsn8



2. Nas actividades de perfeccionamento de xefatura de sección e de perfeccionamento de xefatura de negociado terán preferencia as persoas que no momento da convocatoria estean a desempeñar un posto de xefatura de sección ou de xefatura de negociado, respectivamente.

3. No caso de que non haxa un suficiente número de solicitantes que cumpran os requisitos do curso poderá completarse o número de alumnos asignado mediante a apertura dun novo prazo público na páxina web da EGAP.

Sexta. Publicación das relacións do alumnado seleccionado

1. A EGAP publicará no enderezo <http://egap.xunta.es> unha relación das persoas seleccionadas para participar en cada curso, así como un número adecuado de reservas.

O prazo de presentación de alegacións será de cinco días naturais desde a súa publicación.

Ademais, quen facilite os correspondentes datos na solicitude será informado da súa selección a través do correo electrónico e da mensaxaría telefónica. Entenderase que as persoas que non figuren na relación foron excluídas por algunha das razóns expresadas nas bases da convocatoria ou ocupan un posto máis afastado na listaxe de espera, todo isto de acordo co disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Transcorrido o prazo de alegacións, a EGAP publicará no enderezo <http://egap.xunta.es> a lista definitiva de persoas admitidas no curso.

Sétima. Cambios ou substitucións na selección, renuncia e asistencia

1. Os cambios ou as substitucións na selección:

En ningún caso serán admitidos cambios ou substitucións entre as persoas seleccionadas.

2. A renuncia:

a) As persoas seleccionadas só poderán renunciar á actividade formativa:

– Por causa de forza maior suficientemente acreditada.



– Por necesidades do servizo debidamente motivadas por parte dos responsables dos centros directivos.

– Por outras causas xustificadas documentalmente.

b) A renuncia debe ser comunicada por escrito á Escola Galega de Administración Pública cunha anticipación mínima dos tres días hábiles anteriores ao inicio da actividade formativa. Na páxina web da escola está dispoñible un modelo de renuncia.

Para isto poderase utilizar, alén do previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27), calquera das seguintes vías:

– O enderezo de correo electrónico xestion.egap@xunta.es

– O número de fax 981 54 63 39.

c) As persoas que incumpran o previsto nas alíneas a) e b) pasarán ao final das listaxes de espera de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

3. A asistencia e a puntualidade:

a) Son obrigatorias a asistencia ás sesións da actividade formativa e mais a puntualidade.

b) Durante a actividade formativa terá lugar un control permanente de asistencia e puntualidade, incluídos controis extraordinarios.

c) As faltas de asistencia nas actividades presenciais:

1. Non poden superar en ningún caso o 10 % das horas lectivas presenciais. En todo caso, as faltas de asistencia deberán xustificarse documentalmente ante os responsables da actividade formativa nun prazo máximo de 10 días contados a partir do día da finalización desta actividade. As persoas que incumpran o antedito perderán o dereito ao certificado de participación na actividade formativa.

2. Aquelas persoas cuxas faltas de asistencia supere o 50 % das horas lectivas presenciais, pasarán ao final das listas de espera de todas as actividades formativas que



soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

d) Seguimento das actividades de teleformación:

As persoas que non completen o 75 % das actividades e tarefas propostas pola titoría pasarán ao final das listas de espera de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

Oitava. *Realización de probas*

a) Para poder superar as actividades de formación, o alumnado deberá superar as probas de avaliación que para os efectos se establezan, tanto na modalidade de teleformación como nos cursos que se impartan de xeito presencial. As probas poderanse desenvolver de xeito descentralizado nas sedes que se determinen no comezo de cada actividade.

b) Para poder superar as actividades de teleformación é necesario cumprir unha serie de requisitos obrigatorios na súa totalidade:

– A asistencia á sesión presencial de apertura, se a houber.

– A adecuada realización de todas as actividades que o titor propoña. Estas deben constar debidamente presentadas nos prazos estipulados na programación didáctica do curso. A non superación das actividades obrigatorias suporá a perda automática do dereito a participar no exame final presencial.

– A superación das probas de avaliación que para os efectos se establezan.

Nas actividades de perfeccionamento de xefatura de sección e de perfeccionamento de xefatura de negociado o alumnado que suspenda algunha das probas de avaliación terá a posibilidade de realizar outra proba ao final da actividade.

Ao inicio da actividade formativa publicarase o correspondente programa na plataforma de teleformación e indicaranse as probas de avaliación previstas, así como as datas e o horario en que estas terán lugar. Salvo que se determine outra cousa, nestas actividades as probas de avaliación finais serán presenciais nos lugares e nas datas que se establezan. A EGAP informará a través da súa páxina web e tamén a través da plataforma de teleformación das datas concretas e do horario da proba final.

CVE-DOG: dbikeme4-5nb0-bus4-exp2-yuoaxxnjsn8



Novena. Certificados

a) A EGAP poderá expedir dúas clases de certificados, de asistencia e de aproveitamento. A convocatoria de cada acción formativa determinará que tipo de certificado corresponderá aos alumnos que participen nos cursos.

b) Para a obtención do certificado de asistencia, o alumnado deberá participar con regularidade e dedicación no desenvolvemento da acción formativa. Para os efectos de avaliar os coñecementos adquiridos polo alumnado, a EGAP poderá fixar a realización das probas que considere oportunas.

c) Para a obtención do certificado de aproveitamento o alumnado deberá obter a avaliación positiva do seu profesorado, o cal emitirá un informe declarando apto ou non apto cada alumno/a en función do resultado da proba de avaliación.

En caso de non superar a proba, tampouco se facilitará certificado de asistencia.

Décima. Facultades da EGAP

1. A EGAP resolverá aquelas incidencias que poidan producirse no desenvolvemento e na xestión das actividades formativas e pode suprimir algunha, ampliar novas edicións da programación ou programar outras actividades diferentes cando así o exixan as circunstancias que afecten a súa organización ou docencia. Tamén corresponde á EGAP prover canto sexa necesario para a execución e cumprimento desta resolución.

2. A execución material das actividades queda condicionada á existencia de crédito orzamentario adecuado e dispoñible e á autorización correspondente do gasto.

3. No suposto de que o número de admitidos sexa inferior ao 50 % das prazas convocadas, a EGAP reserva para si o dereito a suspender, cancelar ou agrupar varias edicións das actividades, caso en que empregará os medios de notificación ás persoas interesadas previstos na normativa vixente.

4. A EGAP poderá modificar os contidos, o desenvolvemento, as datas e os lugares das actividades formativas, así como resolver todas as contingencias que poidan xurdir. Todas as modificacións que afecten o desenvolvemento das actividades serán anunciadas na páxina web da escola.

5. A EGAP garantirá na totalidade das actividades derivadas desta convocatoria a promoción da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a eliminación de calquera tipo de discriminación e o fomento dos dereitos de conciliación.





ANEXO II

Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Destinatarios	Localidade/ Modalidade	Datas	Data da proba de avaliación	Horario
Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas									
FC15035	A regulación do silencio administrativo tras a aprobación da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio	30	12	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	Santiago de Compostela	23.3.2015 26.3.2015	26.3.2015	16.30 a 19.30 h (L, M, Me e X)
FC15039	Aspectos básicos da xestión do persoal: a función pública de Galicia	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	15.4.2015 9.5.2015	12.5.2015	Teleformación
FC15039	Aspectos básicos da xestión do persoal: a función pública de Galicia	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	15.9.2015 14.10.2015	19.10.2015	Teleformación
FC15042	Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	26.5.2015 17.6.2015	22.6.2015	Teleformación
FC15045	Incompatibilidades dos empregados públicos de Galicia	50	18	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia	Teleformación	6.4.2015 23.4.2015	28.4.2015	Teleformación
FC15045	Incompatibilidades dos empregados públicos de Galicia	50	18	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia	Teleformación	1.6.2015 18.6.2015	25.6.2015	Teleformación
FC15050	Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	25.5.2015 14.6.2015	18.6.2015	Teleformación
FC15054	Nocións básicas de contabilidade pública	25	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	Santiago de Compostela	7.4.2015 21.4.2015	21.4.2015	16.30 a 20.30 h (M e X)
FC15055	Nóminas e retribucións do persoal	30	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, destinado nas habilitacións de persoal ou que desenvolva funcións de apoio relacionadas coa materia do curso.	Santiago de Compostela	16.3.2015 25.3.2015	25.3.2015	16.30 a 20.30 h (L, Me, L, M e Me)



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Destinatarios	Localidade/ Modalidade	Datas	Data da proba de avaliación	Horario
FC15056	O control do Goberno e da Administración: especial referencia aos gastos orzamentarios	50	15	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	3.3.2015 18.3.2015	24.3.2015	Teleformación
FC15057	O persoal laboral ao servizo da Xunta de Galicia: V Convenio colectivo único de persoal laboral	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	26.5.2015 17.6.2015	22.6.2015	Teleformación
FC15059	Obradoiro de procedemento administrativo na vía de recurso	20	15	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupo A1 e A2 e dos grupos I e II, que exerzan tarefas relacionadas coa tramitación e resolución dos recursos administrativos.	Santiago de Compostela	5.3.2015 12.3.2015	12.3.2015	16.30 a 19:30 h (X, de L a X)
FC15060	Política orzamentaria e desenvolvemento normativo na comunidade autónoma. Tributos propios e tributos cedidos	50	18	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia	Teleformación	26.5.2015 12.6.2015	18.6.2015	Teleformación
FC15064	Réxime disciplinario do empregado público de Galicia	50	15	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia	Teleformación	3.3.2015 18.3.2015	24.3.2015	Teleformación
FC15064	Réxime disciplinario do empregado público de Galicia	50	15	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia	Teleformación	21.9.2015 6.10.2015	9.10.2015	Teleformación
FC15099	Ética pública. Os códigos éticos e o código ético da Xunta de Galicia	25	12	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	Santiago de Compostela	18.5.2015 21.5.2015	21.5.2015	16.30 a 19.30 h (L, M, Me e X)
FC15103	A xurisdición contencioso-administrativa	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupos A1 e A2.	Teleformación	26.5.2015 17.6.2015	22.6.2015	Teleformación
Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios									
FC15038	Administración pública e loita contra a discriminación: fundamentos europeos e praxe administrativa	25	24	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupos A1, A2, C1, I, II e III.	Santiago de Compostela	14.4.2015 30.4.2015	30.4.2015	16.30 a 20.30 h (M, X, M, X, M e X)
FC15041	Cooperación transfronteiriza e cohesión	50	24	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupos A1, A2, C1, I, II e III.	Teleformación	2.3.2015 25.3.2015	26.3.2015	Teleformación



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Destinatarios	Localidade/ Modalidade	Datas	Data da proba de avaliación	Horario
FC15043	Dereito da UE para a xestión administrativa de fondos europeos	25	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupos A1, A2, C1, I, II e III.	Santiago de Compostela	2.3.2015 25.3.2015	25.3.2015	16.30 a 20.30 h (L, Me) Último L e Me 3h
FC15048	Introdución á Union Europea e ao seu dereito	50	24	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia dos grupos C1, C2, III e IV.	Teleformación	14.4.2015 7.5.2015	12.5.2015	Teleformación
FC15049	Introdución ao dereito ambiental europeo	25	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupos A1, A2, C1, I, II e III.	Santiago de Compostela	4.5.2015 26.5.2015	26.5.2015	16.30 a 20.30 h (L e M) Último L e M 3h
FC15058	O principio de subsidiariedade no dereito da Unión Europea o seu control	50	15	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	20.5.2015 3.6.2015	9.6.2015	Teleformación
FC15104	O recurso por incumprimento e a responsabilidade das comunidades autónomas	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	27.5.2015 15.6.2015	17.6.2015	Teleformación
Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades									
FC15028	A calidade da redacción administrativa. Técnicas para melloralas	50	18	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupos A1, A2, C1, I, II e III.	Teleformación	3.3.2015 23.3.2015	26.3.2015	Teleformación
FC15028	A calidade da redacción administrativa. Técnicas para melloralas	50	18	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupos A1, A2, C1, I, II e III.	Teleformación	6.4.2015 23.4.2015	28.4.2015	Teleformación
FC15030	A creatividade, unha gratificante ferramenta de xestión	12	12	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	Santiago de Compostela	25.5.2015 28.5.2015	28.5.2015	16.30 a 19.30 h
FC15031	A elaboración de disposicións de carácter xeral: técnica normativa e correcta redacción das normas	20	15	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	Santiago de Compostela	11.3.2015 18.3.2015	18.3.2015	16.30 a 19.30 h (Me, X, L, M e Me)
FC15037	Actualización gramatical e ortográfica da lingua galega	30	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	Santiago de Compostela	19.5.2015 11.6.2015	11.6.2015	16.30 a 20.30 h M e X (última semana 3h)
FC15044	Desenvolvemento e fomento das habilidades comunicativas na Administración pública	25	24	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia dos subgrupos A1 e A2.	Santiago de Compostela	4.5.2015 20.5.2015	20.5.2015	16.30 a 20.30 h (L, Me, L, M, L e Me)





Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Destinatarios	Localidade/ Modalidade	Datas	Data da proba de avaliación	Horario
FC15046	Elaboración de normativa con perspectiva de xénero	25	21	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	Santiago de Compostela	20.4.2015 30.4.2015	30.4.2015	16.30 a 20.00 h (L, M, X, L, M e X)
FC15047	Informática básica	20	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	Santiago de Compostela	25.5.2015 9.6.2015	9.6.2015	16.30 a 19.30 h (L a X)
FC15051	Liderado e intelixencia emocional	20	15	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	Santiago de Compostela	20.4.2015 29.4.2015	29.4.2015	16.30 a 20.30 h (L e Me)
FC15053	Manual de estilo do DOG e outras publicacións institucionais	50	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Persoal funcionario e laboral que presta servizos nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas na alínea a) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.	Teleformación	2.3.2015 22.3.2015	25.3.2015	Teleformación
FC15061	Presentacións de alto impacto	12	16	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	Santiago de Compostela	4.5.2015 12.5.2015	12.5.2015	16.30 a 20.30 h (L e M)
FC15062	Redacción de documentos técnico-xurídicos en galego	50	15	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupos A1, A2, C1 e C2.	Teleformación	3.3.2015 18.3.2015	24.3.2015	Teleformación
FC15062	Redacción de documentos técnico-xurídicos en galego	50	15	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupos A1, A2, C1 e C2.	Teleformación	7.4.2015 22.4.2015	28.4.2015	Teleformación
FC15063	Redacción de documentos técnico-xurídicos en galego	20	15	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupos A1, A2, C1 e C2.	Santiago de Compostela	4.3.2015 11.3.2015	11.3.2015	16.30 a 19.30 h (L a X)
FC15066	Técnicas elementais de arquivos	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	9.4.2015 3.5.2015	7.5.2015	Teleformación





Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Destinatarios	Localidade/ Modalidade	Datas	Data da proba de avaliación	Horario
FC15066	Técnicas elementais de arquivos	50	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	19.5.2015 12.6.2015	18.6.2015	Teleformación
FC15067	Uso de ferramentas informáticas para a xestión do tempo	20	12	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	Santiago de Compostela	9.3.2015 12.3.2015	12.3.2015	16.30 a 19.30 h (L a X)
FC15094	Información e atención ao cidadán	60	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia dos subgrupos C1, C2, III, IV e V, que ocupe postos de traballo nos que realice tarefas de atención ao público e de información ao cidadán.	Teleformación	25.2.2015 23.3.2015	25.3.2015	Teleformación
FC15094	Información e atención ao cidadán	60	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia dos subgrupos C1, C2, III, IV e V, que ocupe postos de traballo nos que realice tarefas de atención ao público e de información ao cidadán.	Teleformación	14.4.2015 8.5.2015	12.5.2015	Teleformación
FC15094	Información e atención ao cidadán	60	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia dos subgrupos C1, C2, III, IV e V, que ocupe postos de traballo nos que realice tarefas de atención ao público e de información ao cidadán.	Teleformación	19.5.2015 12.6.2015	17.6.2015	Teleformación
FC15094	Información e atención ao cidadán	60	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia dos subgrupos C1, C2, III, IV e V, que ocupe postos de traballo nos que realice tarefas de atención ao público e de información ao cidadán.	Teleformación	7.10.2015 5.11.2015	9.11.2015	Teleformación
FC15105	Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	24.2.2015 24.3.2015	26.3.2015	Teleformación
FC15105	Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública	50	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	Teleformación	8.4.2015 8.5.2015	12.5.2015	Teleformación
FC15106	Negociación e traballo en equipo	35	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupos A1, A2 e C1.	Mixta	25.2.2015 23.3.2015	25.3.2015	Clases presenciais: 11 e 18 de marzo de 16.30 a 19.30 h





Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Destinatarios	Localidade/ Modalidade	Datas	Data da proba de avaliación	Horario
FC15106	Negociación e traballo en equipo	35	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupos A1, A2 e C1.	Mixta	8.4.2015 4.5.2015	7.5.2015	Clases presenciais: 21 e 28 de abril de 16.30 a 19.30 h
FC15107	Comunicación escrita e elaboración de informes	25	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	Lugo	15.4.2015 23.4.2015	23.4.2015	16.45 a 19.45 h L, M, Me, X, L, M, Me
FC15107	Comunicación escrita e elaboración de informes	25	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	Ourense	1.6.2015 10.6.2015	10.6.2015	16.45 a 19.45 h L, M, Me, X, L, M, Me
FC15107	Comunicación escrita e elaboración de informes	25	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	Pontevedra	7.9.2015 16.9.2015	16.9.2015	16.45 a 19.45 h L, M, Me, X, L, M, Me
FC15107	Comunicación escrita e elaboración de informes	25	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	Santiago de Compostela	23.2.2015 4.3.2015	4.3.2015	16.45 a 19.45 h L, M, Me, X, L, M, Me
FC15107	Comunicación escrita e elaboración de informes	25	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	Vigo	19.10.2015 28.10.2015	28.10.2015	16.45 a 19.45 h L, M, Me, X, L, M, Me
FC15107	Comunicación escrita e elaboración de informes	25	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.	A Coruña	16.3.2015 25.3.2015	25.3.2015	16.45 a 19.45 h L, M, Me, X, L, M, Me
Habilidades pre-directivas									
FC15015	Perfeccionamento de xefatura de negociado	50	80	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia dos subgrupos A2, C1 e C2.	Teleformación	7.4.2015 30.6.2015	13.5.2015 23.6.2015	Teleformación
FC15015	Perfeccionamento de xefatura de negociado	50	80	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia dos subgrupos A2, C1 e C2.	Teleformación	7.4.2015 30.6.2015	13.5.2015 23.6.2015	Teleformación
FC15015	Perfeccionamento de xefatura de negociado	50	80	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia dos subgrupos A2, C1 e C2.	Teleformación	8.9.2015 27.11.2015	16.10.2015 30.11.2015	Teleformación
FC15015	Perfeccionamento de xefatura de negociado	50	80	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia dos subgrupos A2, C1 e C2.	Teleformación	8.9.2015 27.11.2015	16.10.2015 30.11.2015	Teleformación
FC15016	Perfeccionamento de xefatura de sección	50	120	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia dos subgrupos A1, A2 e C1.	Teleformación	23.2.2015 23.6.2015	27.3.2015 8.5.2015 26.6.2015	Teleformación





Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Destinatarios	Localidade/ Modalidade	Datas	Data da proba de avaliación	Horario
FC15016	Perfeccionamento de xefatura de sección	50	120	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia dos subgrupos A1, A2 e C1.	Teleformación	23.2.2015 23.6.2015	27.3.2015 8.5.2015 26.6.2015	Teleformación
